

CURSO 2015/16

CONVOCATORIA ERASMUS+ MOBILIDADE ESTUDANTES PARA ESTUDOS

Página 1/4

BASES DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria establece o prazo e procedemento para a presentación de solicitudes de participación nas actividades de mobilidade de estudantes para estudos no marco do Programa Erasmus+ para o curso 2016-2017.

REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Serán candidatos a participar no Programa Erasmus+ os alumnos da Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso que cumpran os seguintes requisitos:

- Non ter esgotado o máximo de doce meses en convocatorias Erasmus anteriores (na EASD Pablo Picasso ou noutro centro educativo) en mobilidades de estudos e/ou prácticas.
- Estar matriculado no centro, no momento de cursar a solicitude, nalgún dos cursos 2º ou 3º das Ensinanzas superiores de Deseño de Interiores ou de Deseño Gráfico (os estudantes matriculados en 2º de curso só poderán realizar mobilidades no segundo semestre do terceiro curso; e os estudantes matriculados en 3º de curso só poderán realizar mobilidades no primeiro semestre do cuarto curso.
- Serán considerados estudantes Erasmus de pleno dereito (con bolsa cero), aqueles que sendo seleccionados pola institución non reciban unha axuda procedente dos fondos europeos. Esta mesma denominación será utilizada para os estudantes que reciban financiamento Erasmus do MECD.

PROCEDEMENTO DA SOLICITUDE

Os alumnos interesados presentarán na secretaría da escola, dentro do prazo establecido os seguintes documentos:

- Impreso de solicitude debidamente cumprimentado.
- Documentación necesaria no caso de alegar méritos.
- O expediente académico incorporárase de oficio na secretaría da Escola ao presentar a solicitude de participación.

Na páxina web da EASD Pablo Picasso aparece publicada a lista de institucións coas cales a Escola ten acordos interinstitucionais.

A presentación da solicitude implicará para o estudante coñecer e aceptar o contido da presente convocatoria e da normativa.

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

Na secretaría da EASD Pablo Picasso, do 11 de xaneiro de 2016 ao 20 de xaneiro de 2016.

INFORMACIÓN ADICIONAL

Coordinadora de Programas Internacionais: Milagros Sánchez Landeira.

Na sección Programas Internacionais da web da Escola.

Na páxina oficial do Servizo Español Para a Internacionalización da Educación (SEPIE) pódese consultar toda a normativa e información de interese sobre o programa Erasmus.

ADXUDICACIÓN DE BOLSAS E DESTINOS

A Comisión Erasmus da EASD Pablo Picasso determinará o número de mobilidades que se concederán. Unha vez asignado o número de mobilidades, daranse a coñecer a lista de institucións de acollida, o número de prazas adscritas a cada unha delas e, se as houbese, as características singulares de cada mobilidade.

Os alumnos Erasmus seleccionados priorizarán mediante solicitude os destinos ofertados.

Na resolución provisional asignarase a situación de: titular, suplente ou excluído a todos os solicitantes.

Esta última con mención explícita do motivo de exclusión. Farase pública no taboleiro de anuncios Erasmus e na páxina web da Escola.

A resolución definitiva das prazas só será posible cando se coñeza a adjudicación de mobilidades do SEPIE, o número de estudantes con bolsa cero, a aceptación do alumno por parte da institución de destino e se teña realizado a avaliación inicial de competencias lingüísticas (OLS).

A Coordinadora de Programas Internacionais da EASD Pablo Picasso publicará a resolución definitiva sobre a adjudicación das axudas na páxina web e no taboleiro de anuncios Erasmus da Escola.

CRITERIOS DE SELECCIÓN DO ALUMNADO

A selección de alumnado candidato realizarase nunha reunión da comisión de baremación, formada polos xefes de departamento de cada ensino, a coordinadora de programas internacionais, o xefe de estudos e o director da EASD.

A adjudicación de prazas farase por especialidades e de acordo cos seguintes criterios:

1 Prioridade dos aspirantes

- 1.1 Terá preferencia o alumnado que non participase no programa Erasmus+ anteriormente. No marco do Programa Erasmus+, permítese aos estudantes realizar varias estancias Erasmus de estudos e/ou prácticas, sempre que sumadas non superen doce meses.
- 1.2 Terán prioridade os alumnos que no momento de presentar a solicitude acheguen documento de aceptación da empresa coa descrición das tarefas e datas das prácticas.

2 Méritos académicos

- 2.1 Expediente académico. Nota media do expediente académico do alumno (Puntuación máxima: 10,00 puntos).

Os expedientes académicos obteranse pola Oficina de Programas Internacionais a través dos rexistros informáticos da EASD Pablo Picasso, polo que non haberá que presentar documentación algunha neste sentido.

- 2.2 Coñecemento de idiomas. O nivel de idioma acreditado do país de destino terá a seguinte puntuación de acordo co Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas: Ensino, Aprendizaxe, Avaliación:

NIVEL	PUNTUACIÓN
A1	1,00
A2	2,00
B1	3,00
B2	4,00
C1	5,00
C2	6,00

Terase en conta o nivel acreditado de inglés, no caso de que non sexa o idioma do país de destino, coa seguinte puntuación de acordo co Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas: Ensino, Aprendizaxe, Avaliación:

NIVEL	PUNTUACIÓN
A1	0,50
A2	1,00
B1	1,50
B2	2,00
C1	2,50
C2	3,00

Puntuación máxima: 6,00 puntos.

Unha vez feita a selección, publicarase no taboleiro de anuncios de programas internacionais así como na web.

Establécese un prazo de dous días lectivos, contados a partir do día seguinte á data de publicación, para facer reclamacións ante a dirección. A comisión de baremación resolverá ditas reclamacións no prazo de cinco días lectivos.

RENUNCIAS

En caso de renuncia á bolsa Erasmus concedida, esta deberá ser presentada por escrito á Coordinadora de Programas Internacionais no prazo dun mes despois da adxudicación provisional.

Se un estudante renuncia á súa bolsa, sen unha causa xustificada, pasará a ocupar o último lugar na lista de adxudicacións en futuras convocatorias. Enténdense como causa xustificada as seguintes:

- Enfermidade ou accidente graves do estudante
- Enfermidade ou falecemento dun familiar ata de segundo grao
- Cumprimento dun deber público
- Calquera outra causa suficientemente acreditada e xustificada a xuízo da Dirección do Centro e da Comisión de baremación

APOIO LINGÜÍSTICO

A Comisión Europea puxo en marcha un servizo de apoio lingüístico en liña (OLS) para contribuír a alcanzar os obxectivos do Programa mediante o progreso lingüístico dos participantes [[ligazón OLS da CE](#)]. O uso do OLS non terá ningún custo para os estudantes e inicialmente está previsto para alemán, español, francés, inglés, italiano e neerlandés.

O apoio lingüístico en liña (OLS), inclúe dúas facetas: a avaliación obrigatoria das competencias lingüísticas e os cursos opcionais do idioma en cuestión.

Os adxudicatarios recibirán a través da EASD unha licenza para realizar a avaliación en liña das súas competencias lingüísticas (unha proba ao comezo da súa mobilidade e outra ao final da mesma) e comprometeranse a utilizar estas licenzas ao asinar o convenio de subvención coa institución, completando as dúas avaliacións da súa competencia lingüística e, se fosen seleccionados, o curso.

Se un estudante non realizase a primeira avaliación, non poderá comezar a mobilidade adxudicada.

Se non realizase a segunda, non recibirá o pagamento do saldo da axuda que lle correspondese.

Os participantes recibirán tamén unha licenza para seguir voluntariamente un curso en liña. Se o número de licenzas para a realización do curso en liña fose inferior ao número de participantes interesados, priorizarase na adxudicación os idiomas distintos do inglés e os niveis lingüísticos do MCER en función dos resultados da proba inicial.

O estudante deberá realizar a primeira proba no prazo de quince días despois de recibir a correspondente licenza e dúas semanas antes de finalizar a mobilidade no caso da segunda. A segunda avaliación é obrigatoria, independentemente de que realizase o curso ou non.

Os estudantes adxudicatarios deberán cumprir calquera outra indicación ou disposición establecida pola AN para a presente convocatoria.

AXUDA ECONÓMICA E PAGAMENTOS

O financiamento está limitado ao adxudicado na resolución da AN, con carácter xeral cinco meses para estudos, e realizarase en dous pagamentos.

Nos 30 días naturais posteriores á sinatura do convenio financeiro e despois da recepción do certificado de chegada, realizarase un primeiro pagamento de prefinanciación ao participante equivalente ao 60%-80% do importe total. O envío do cuestionario UE (informe final) considerárase como a solicitude do estudante do segundo pagamento equivalente ao 40%- 20% do total da axuda financeira, e non se fará efectivo ata recibir o resto da documentación xustificativa requirida nesta convocatoria.

As contías serán variables en función do Grupo ao que pertenza o país de destino segundo o publicado pola AN na convocatoria correspondente.

O incumprimento dos trámites e prazos establecidos na presente convocatoria poderá derivar na perda da condición de estudante Erasmus, o cal leva a devolución total da axuda, a falta de recoñecemento académico e o regreso á institución de orixe.

Se un estudante non puidese cumprir coas súas obrigas por causa de forza maior (comunicado e aceptado pola AN), unicamente se solicitará o reembolso das actividades non realizadas.

XESTIÓN DOS ALUMNOS SELECCIONADOS

Unha vez seleccionado como beneficiario dunha mobilidade de estudos Erasmus+ da EASD Pablo Picasso, para o curso 2016/2017 e aceptada a praza asignada, débense realizar unha serie de trámites dos que se derivan certas obrigas ás que queda suxeito o bolseiro Erasmus e que a continuación se detallan:

SOLICITUDE DE ADMISIÓN NO CENTRO DE DESTINO

Para solicitar a súa admisión no centro de destino o estudante terá que tramitar todos os documentos que para o efecto determinará a institución de recepción.

É responsabilidade do estudante solicitar a través da páxina web do centro de destino correspondente toda a información relativa á documentación para tramitar, así como as disciplinas que poderá cursar e que se propoñerán para o seu acordo de formación.

Fóra dos centros que tramitan a solicitude online, todos os documentos serán presentados no idioma do país de destino ou na súa falta en inglés e gravaranse nun CD/DVD para o seu envío ao Centro de acollida. En ambos casos, presentarase unha copia de todos os documentos á Coordinadora de Programas Internacionais.

Unha vez que o alumno é aceptado no centro de destino e cumpríndose o resto de requisitos desta convocatoria, pasa a ter unha adxudicación definitiva.

TRÁMITES PREVIOS Á PARTIDA CARA Á UNIVERSIDADE DE DESTINO

- 1 Antes da súa partida o estudante xestionará á súa viaxe, aloxamento, permiso de estancia, no seu caso, e realizará calquera outra xestión necesaria para garantir a permanencia do estudante no destino durante todo o período indicado no convenio (incluíndo a xestión de trámites de visado/permiso de estancia no país de destino e en España para os estudantes non nacionais da UE).
- 2 Apoio lingüístico online: todos os estudantes seleccionados que teñan como lingua principal de mobilidade unha das dispoñibles no OLS (excepto nativos na lingua de destino), antes de asinar convenio coa EASD, deberán realizar unha proba de nivel.
- 3 Como requisito previo, o alumno debe realizar a súa matrícula na EASD Pablo Picasso para o curso 2016/2017, onde consten disciplinas e créditos ECTS segundo o procedemento e os prazos que se sinalen para elo.

A Axuda Erasmus é compatible coa bolsa que concede o Ministerio de Educación, Ciencia e Deporte.

DOCUMENTACIÓN ERASMUS

Na primeira semana do mes de setembro, en reunión convocada para ese efecto pola Coordinadora de Programas Internacionais, os alumnos recollerán e/ou cumprimentarán os seguintes documentos:

1.1 Carta do Estudante Erasmus (ANEXO 1)

A Carta do estudante Erasmus+ aplícase aos estudantes que cumpren os criterios de admisibilidade Erasmus+ e que foron seleccionados pola súa institución para realizar un período de estudos noutro país europeo, nunha institución asociada.

Para a mobilidade de estudos, ambas institucións deben dispoñer dunha Carta Universitaria Erasmus outorgada pola Comisión.

Neste documento recóllense os dereitos e obrigas dos estudantes Erasmus.

1.2 Recomendacións xerais para estudantes Erasmus no exterior

Son recomendacións do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación

1.3 Compromiso do/da becario/a (ANEXO 2)

Mediante este documento, o estudante comprométese a cumprir as normas e bases establecidas no programa.

1.4 Documentos de datos persoais, académicos e bancarios (ANEXO 3)

Recollen a información necesaria para o abono da bolsa. Xunto a este documento deberán entregarse unha fotocopia do DNI e dúas fotocopias do documento CCC (Documento de Código Conta Cliente que se poderá solicitar nas respectivas oficinas bancarias de cada beneficiario). O beneficiario da bolsa ha de ser titular ou cotitular da conta bancaria que se presente. Se non é posible entregar o Documento CCC, poderase entregar a fotocopia da primeira páxina do caderno de aforro.

1.5 Convenio entre o Centro de Ensino e o Estudante

Este documento, esixido pola Axencia Nacional Erasmus e pola Comisión Europea, ten por obxecto determinar as obrigas das partes na administración de fondos comunitarios. Unha vez asinado polo estudante, devolverase un exemplar á Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso da Coruña. (Por triplicado)

1.6 Declaración Xurada (ANEXO 4)

Declaración xurada de non estar suxeito en ningunha das causas de prohibición do artigo 13 da Lei 38 /2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

1.7 Credencial de bolseiro

Co fin de certificar a súa condición de estudante Erasmus+, deberá presentar, se así lle fose solicitado polo centro de acollida, unha copia da devandita credencial que lle será entregada pola Escola.

Trámites requiridos polo centro de acollida

Cando así o estipulase o centro de acollida e conforme ás súas normas, o estudante terá que cumprimentar os impresos correspondentes á matrícula e para a reserva de aloxamento así como realizar os trámites que para o efecto determinase a institución de recepción.

Outros documentos

Ademais do especificado anteriormente, o estudante deberá estar en posesión dos seguintes documentos:

- Documento Nacional de Identidade ou Pasaporte en vigor
- Carné de estudante da EASD Pablo Picasso en vigor
- Tarxeta Sanitaria Europea. Os alumnos cuxos pais sexan beneficiarios da Seguridade Social deberán dirixirse ao Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) para solicitar a Tarxeta Sanitaria Europea, ou os formularios E-128 ou E-m, que aseguran a asistencia sanitaria en países membros da UE. Para a obtención do devandito formulario, presentarse a acreditación de ser estudante Erasmus+ así como o resguardo da matrícula realizada na Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso da Coruña. Os alumnos cuxos pais estean asegurados en mutuas privadas (Muface, ASISA, SANITAS, etc): consultarán á compañía aseguradora para obter información específica acerca da cobertura médica dos seguros. Algunhas mutuas estableceron que, previa consulta á compañía aseguradora, os estudantes dirixiranse á Oficina da Tesourería para solicitar o número de filiación. Con este número, a fotocopia da matrícula na Escola de Arte e Superior de Deseño de Pablo Picasso da Coruña e a credencial de bolseiro Erasmus, presentaranse no INSS para solicitar o formulario E-128 ou E-m. Unha vez no centro de destino é conveniente inscribirse no Consulado español ao que pertenza a poboación onde residan.

TRÁMITES DURANTE A ESTANCIA NO CENTRO DE ACOLLIDA

Durante a estancia no centro de acollida, o estudante deberá levar a cabo os seguintes trámites:

2.1 Certificado de chegada (ANEXO 5)

Co fin de certificar a incorporación ao centro de destino, deberá cumprimentar este documento e solicitar que sexa selado e asinado polo responsable no centro de acollida, e remitilo, por fax, ao seguinte número: 00 34 981 22 80 78 ou por correo electrónico. A recepción deste documento, en tempo e forma, é absolutamente imprescindible para o abono da bolsa Erasmus+. O orixinal deste impreso será conservado durante todo o período Erasmus xa que, ao finalizar a estancia na universidade de acollida, e unha vez cumprimentado, deberá ser entregado ou enviado á coordinadora de Programas Internacionais da Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso da Coruña.

Data de entrega: 15 días despois da chegada, como máximo.

2.1 Learning Agreement (Formulario)

As modificacións que, con respecto ás disciplinas primeiramente seleccionadas, fose necesario introducir consignaranse no impreso «Changes to Original Proposed Study Programme/ Learning Agreement». Estes cambios serán autorizados, mediante as sinaturas correspondentes, polos Coordinadores de Centro e o Xefe de departamento no que se atope matriculado o alumno. O prazo límite para a rectificación das disciplinas seleccionadas será dun mes, a partir da chegada á universidade de destino.

TRÁMITES AO FINALIZAR A ESTANCIA NO CENTRO DE ACOLLIDA

3.1 Certificado de estancia (ANEXO 6)

Asinado e selado polo Coordinador ou a persoa designada para o efecto na institución de acollida, entregarase o impreso orixinal –non serán válidas as copias– á coordinadora de Programas Internacionais da EASD Pablo Picasso. Este documento expresa e certifica a duración real de estancia no centro de acollida e é imprescindible para percibir o último prazo da bolsa.

A Axencia Nacional establece un rixido control sobre este documento polo que se deberá prestar especial atención á hora de cumprimentalo.

Con este documento o estudante acredita a duración real da súa estancia Erasmus, polo que deberá comprobar o certificado no momento de recollelo e antes de entregalo para estar seguro da súa corrección. Calquera erro no mesmo pode ocasionar consecuencias graves cuxa responsabilidade recaerá no propio estudante.

Non se considerarán válidos os certificados:

- que teñan correccións ou riscadas
- con información incompleta
- nos que a data de realización do certificado sexa anterior á de finalización da estancia.

Nestes casos o estudante deberá poñerse novamente en contacto coa universidade de destino para que se lle envíe o documento correcto.

Deberá entregarse á Coordinadora de Programas Internacionais da EASD Pablo Picasso.

A bolsa abonarase de acordo co número de meses certificado neste documento e a partir do momento en que sexa entregado na oficina de Programas Internacionais.

Cando se reduce drasticamente o número de meses de estancia despois de cobrar o 1º prazo da bolsa, a EASD Pablo Picasso axustará os pagamentos pendentes e solicitará a devolución do importe abonado se fose o caso.

Data de entrega: inmediatamente finalizada a súa estancia na institución estranxeira.

Para comunicarnos co estudante ao longo do curso para calquera eventualidade farémolo a través do correo electrónico facilitado polo alumno.

3.2 Transcript of Records ou Certificado de Estudos

Será cuberto e selado polo centro de acollida e nel indicaranse as disciplinas cursadas, a duración das mesmas así como a cualificación obtida. O certificado de notas haberá de recoller o título da disciplina, a duración ou créditos así como a cualificación. É recomendable, co fin de non dilatar o recoñecemento de estudos, que o estudante regrese á Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso da Coruña co certificado de cualificacións e entregalo na secretaria da EASD Pablo Picasso para proceder ao seu recoñecemento académico.

3.3 Informe do estudante

O estudante recibirá un correo electrónico antes da finalización da súa mobilidade. Por iso é importante que identifique o remitente como seguro e que é un correo que desexa recibir, introducindo a dirección: replies-will-be-discarded@ec.europa.eu nos seus contactos e que revise o cartafol de correo non desexado para verificar que non se desviou ningunha comunicación importante a ese cartafol. O coordinador de PPII deberá ter constancia do envío do cuestionario no momento de presentar a documentación requirida.

Curso lingüístico online: ao finalizar o seu período de mobilidade, todos os estudantes deberán realizar unha segunda proba de nivel online.

NON SE REALIZARÁ O SEGUNDO PAGAMENTO DA AXUDA ECONÓMICA SEN A REALIZACIÓN DA SEGUNDA PROBA DE NIVEL DE IDIOMA. O estudante que non cumpra as súas obrigas académicas na Institución de acollida (previo informe negativo da coordinadora de Programas Internacionais e o centro de destino) deberá realizar a DEVOLUCIÓN ÍNTEGRA das axudas recibidas.

